



A paisaxe no Cancioeiro da Vaticana

por XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

ESTRAITO DO TRABALLO ANUAL PRESENTADO Ó SEMINARIO DE ESTUDOS
GALEGOS NO ANO 1925 - 1926

Pra Ramón Otero Pedrayo, xeógrafo
de Galiza, adevoadamente.

LIMIAR



idea da paisaxe - di o noso Otero Pedrayo - como combinación dos variados factores do relevo, vexetación, clima, traballo humano, é unha das máis suxestivas da xeografía espresando, nun

espazo limitado, a integración dos elementos que sopradamente non chegan a ter vitalidade expresiva (1). Esta idea da paisaxe, en toda a súa moderna amplitude, amosa un ronsel literario aínda nos tempos como o medioevo, que non utilizaron en arte a paisaxe máis que como fondo accidental (2). En literaturas como a dos Cancioeiros galaico-portuguéses que eróticas de cheo, non loubaron a beleza da paisaxe máis que na súa utilidade pr'o amor.

O meu traballo de oxe quer soio recoller no Cancioeiro da vaticana as referenzas á pai-

saxe, topadas principalmente nas cántigas rituais, derivadas da festa de Maio e feitas en loubanza da dona virgo. A miña laboura de anotación e crasificación téa un xeito esquemático. Cicais poida esclarecer en algo ós nosos artistas, lectores de Ruskin (1), e ós nosos psicólogos, afeizoados a Freud. Eu soio quero que na súa calivés poda servir á vulgarización dos temas poéticos dos cancioeiros (2) e d'ellos a outros membros do Seminario pra se ocupar d'eles como fontes históricas, seguindo a rota de Carolina Michaëlis de Vasconcellos con traballos someliantes ó de López Aydillo, que desfraga a mínima parte da estrada n'estes eidos.

O SOUTELO

Pra os troveires da Vaticana o lugar axeitado pra amar non é o xardín (3), senón un freixo e

(1) Otero Pedrayo, Síntese Xeográfica de Galiza (3) Paisaxe.

(2) Deica os tempos barrocos se non pintou a paisaxe eisenta.

(1) Ruskin, «Os Pintores Modernos», A paisaxe. Capítulos III e VI.

(2) Pra logralo non cito os pasaxes ca grafía do Códice tal que se topan na edición paleográfica Monaci (1875) nin cada realización portuguesa Th. Braga (1879) senón co galego vulgar actual.

(3) Na poesía de Homero, seguindo a Ruskin, o mellor lugar pra os aiphoios e pra os amores é o *atrium*. A paisaxe ideal téa unha fonte, unha vizosa leira, un mar calmo e as

recente souteiro de leiteo somellante ó que escolleu Bolticelli pra a sua Primadeira:

*Pel-o soute de crexente
unha pastor vi andar
moif alongada da xente... (1)*

O souteo está veira do rio:

*Oí ox'eu unha pastor cantar
da cavalgava per unha ribeira (2)
Cand'eu paso por algunhas ribeiras (3)*

lonxe da vila:

*- Al fermosíña, se ben aiades,
lonxe da vila quen asperades?
- Vin atender meu amigo (4)*

no camiño francés:

*Cavalgava n'outro día
por un camiño francés
e unha pastor saía
cantando con outras tres.... (5)*

ou no monte:

*Se vos non pesar ende
madre irei hú m'atende
meu amigo no monte... (6)*

O souteiro tén boas árbores, bos prados, flores e paxaros cantando namoramentos. Débese ir a él na entrada do tempo crelo ou no vran, de noite:

*María Xenta, María Xenta da sala cintada
hú masastes esta noite, ou quen pos cebada?
Alva, abriadesme alá (7)*

e ó luar:

*A doncela de Bizcaia
aínda min a preito sala
de noite a o luar (8)*

anque é mais doada a luzada do día:

*cando saía la raia
do sol nas ribas do Sar [Mar] (9)
Levad amigo que dormides as mañá-
[nas frías... (10)*

*Levantous'a belida,
levantous'alva,
e val lavar camisas
en o alto
vai las lavar alva (1)*

OS ALBRES

No meu traballo sobre os maios na Galiza (2) teño d'abondo falado do *baumkultus* galego, tan importante pol-as nosas herdanzas célticas e priscilianistas. Os albres do Cancioeiro son o piño e as avelaneiras, outras alusións d'esta especie están dirixidas ós ramos porque o materol (3) é aficere de toda esta poesía referente á dona-virgo (4). Ora que o piño, as avelaneiras e os ramos aparecen sempre floridos porque é na primadeira cando fan beilada as doncelas.

O prestixio erótico da froil - soio comparabre ó das ondas do mar - sai das cántigas rituais e chega astra as razóns D. Afonso X na cántiga 207 da Vaticana, castelán ou feblemente bilingüe poído deir aludindo ó *coñecimento* tiño de unha dona:

*En un tiempo cogí flores
del muy noble paraíso...*

As bailadas de Maio feitas baixo os arbres frocidos aparecen nas mais fermosas cántigas da colleita. O crego Airas Nunes pon en boca de unha nai na C. 464:

*Por Deus, aí, ña filla, faced'a bailada
ante o vaso amigo so la flor granada...*

e na 462 somellantes con variantes a 761 de Xobán Zorro día as mozas:

*Bailemos nos xa todas, todas aí amigas
so aquestas avelaneiras floridas,
e quen for belida, como nos belidas,
se amigo amar,
so aqueste ramo d'estas avelanas
virá bailar.*

gavilotes de lingua longa e cantar poucadas nos albres. Esencialmente é a mesma a esceia medioeval anque a leira, o mar, a fonte... se non son Deuses senón que levan a Deus pol-a Belezza. En froques aparés un novo elemento, o xardín, ordesado como un^o estuma, substituíndo á Natureza virxen. Na Galiza, onde son poucos os xardíns, o xardín é o souteiro.

(1) Xohan Airas de Sant-Iago, c. 554.

(2) Airas Nunes, Crego, c. 464.

(3) *Id.*, c. 400.

(4) Bernal de Bonaval, c. 726.

(5) Xan de Avoin, c. 378.

(6) Rui Fernandes, Crego, c. 515.

(7) Roi Peres de Ribela, c. 1049.

(8) Roi Peres de Ribela, c. 1018.

(9) Xohan Airas de Sant-Iago, c. 564.

(10) Nuno Fernandez Tecedor, c. 243.

(1) *Pilgrina Valverde*, «Os maios na Galiza». Tr. premiado na Festa da lingua galega de Compostela no ano 1954 e lido no Seminario de Estudos Galegos o 20 de Abril de 1955. *Idéxico*.

(2) Cfr. C. Carolina Michaëlis de Vasconcellos, «C. de A.» Halle Max Niemeyer, 1903. Vol. II, páx. 160, 170, 912 e 72.

(3) Alfred Jeanroy, «Les origines de la poésie lyrique en France au moyen-âge», Paris 1882. *Manoharar*, «Wald und Pflanzkultur», Berlin, 1873-93. «Baumkultus», Berlin, 1878. *Die Welt, Die Volkstümlichkeit der mittelalterlichen», Berlin, 1883. Gaston Paris*, «Les origines de la poésie lyrique en France», (Extrait des «*Revue S. Nov.*» de Dec. 1891. Marzo e Julio 1892).

(4) Don Denis, 172. (*Aíra é gabaaza que se afés bailada*). Tamén púdo n-este caso sair o rator do día).

Don Denis fala das froles como leito nas cántigas 102 e 137 respectivamente:

*...e deitouse antre unhas flores
e dise con coita forte:
mal ti venga per hu fores
que non és senón mha morte,
aí, amor!*

...e caeu entr'unhas flores.

e amosira un tema de persoalizacion das flores parello a un dos Codax referentes ó mar e a outro do Meogo ó falar dos cervos:

*Al flores! ai flores do verde piño
se sabedes novas do meu amigo?
aí, Deus, e hu é? (1)*

Esta persoalizacion responde ó senso guerreiro da flor do piño e do ramo de Maio pol-as xelras da primaçeira (2). O mesmo troveiro refírese a elas na cántiga (3).

*Amigo, meu amado, valla Deus,
vedel-a frol do ramo
e guisadé d'andar.*

Do mesmo xeito que as avelanceiras:

*Aí, estorniño do avelanado...
...e pousarei so lo avelanado (4).*

o piño representa tamén a dor da saudade e do amor. Pero González de Portocarrero di:

*O anel do meu amigo [amado]
perdió so lo verde piño [ramo]
e choro eu bela,
Perdió so lo verde ramo [pino]
por en choro en dona d'algo [virgo] (9)*

e Airas Nunes:

*Sol-o verde ramo frofido
budas facen ao meu amigo
e choran ollos d'amor! (6)*

OS PRADOS

O bñ soutelo verdece antre o verdor dos prados e tén o chan enfeitado de herba:

*Can' deo paso por algunhas ribeiras,
so boas arvôres, per boas prado... (7)*

(4) Don Denis, c. 171.
(5) Vé. Th. Braga, C. da V. Trovadores e Cancioneiros portugueses, páxs. XXX e XXXI.
(6) Don Denis, c. 173.
(7) Airas Nunes, c. 404.
(8) Pero González de Portocarrero, c. 307. Entre corchetes as segundas variantes escritóricas a sustituir pol-as verbas en cursiva.
(9) Airas Nunes, c. 454.

(1) Airas Nunes, c. 255.

*E as verdes ervas
vi andal-as cervas
meu amigo!
e os verdes prados
vi os cervos bravos
meu amigo (1)*

AS AVES

Un soutelo quer, pra sere de cheo vizoso, paxaros voando pol-os ramos e cantar amores. É a vella tradición do paxaro, siño de sabencia e de beleza. Os troveiros goslan das aves e das suas cántigas:

*...se cantan hi paxaros namoraços
log'eu con amores hi vou cantando
e logo alí d'amores vou trobando
e fazo cantares e mil maneiras.
Ei eu gran vizo e grand'alegría
cando minhas aves cantan no estío (2).*

As aves falan dos amores como o papagai de Don Denis (3), ou escoitan queixas como o estorniño de Airas Nunes:

*Al estorniño do avelanado
cantades vos e morr'eu e peno
d'amores ei mall! (4)*

e fan coidar no amor:

*E as aves, que voavan
cuando saía lo alvor,
todas d'amores cantavan
pel-os ramos d'arredor;
mais non sei tal que estevese
que en el cuidar podese
senón todo en amor... (5)*

O home amargurado non quer escoital-os paxariños. Di Alfonso X:

*Non me poso pagar tanto
do canto das aves nen do seu son,
nen d'amor, nen d'ambizón,
nen d'armas, ca ei espanto... (6)*

O bon cazador non lira ás aves que cantan:

*Seu arco na mano, ás aves fexir
a las que cantavan leixal-as guarir,
a las aves, meu amigo.*

(1) Pero Meogo, c. 754.
(2) Airas Nunes, c. 476.
(3) Don Denis, c. 138.
(4) Airas Nunes, 404.
(5) Xohán Alras, c. 354.
(6) Don Alfonso X, c. 14.

*Seu arco na mano a las aves tirar
a las que cantavan non as quer matar,
a las aves meu amigo* (1).

As aves, símbolo do amor, aparecen nun imponderable poema de desdems feito por Nuno Fernandes Tornerol, o mais saudoso dos poetas do Cancioeiro. Reproduzoo íntegro:

*Levad amigo que durmides as mañanas frías;
total-as aves do mundo d'amor dicián
leda m'and'eu.*

*Levad amigo que durmidel-as frías mañanas;
total-as aves do mundo d'amor cantavan
leda m'and'eu.*

*Total-as aves do mundo d'amor dicián;
do meu amor e do voso i en mentarian
leda m'and'eu.*

*Total-as aves do mundo cantavan;
do meu amor e do voso i en mentavan
leda m'and'eu.*

*Do meu amor e do voso en mentarian,
vos illi tollestel-os ramos en que siian
leda m'and'eu.*

*Do meu amor e do voso i en mentavan
vos illi tollestel-os ramos en que pousavan
leda m'and'eu!*

*Vos illis tollestel-os ramos en que siian
e illis secastelas fontes en que beñan
leda m'and'eu!*

*Vos illi tollestel-os ramos en que pousavan
e illis secastel-as fontes hñ se bañavan,
leda m'and'eu!* (2).

As veces os refrans da nosa riquísima paronimoloxía tópanse nas cántigas do Cancioeiro. Lembro un referente ás aves dito por Xohan Soares Coello.

*Ca dice o verbo - ca non semeou
millo, quen paxariño receou...*

Outras veces son as creencias populares e os agoiros sobor das aves as que topamos nas cántigas; Xohan Airas, o humorista das supersitibóns, fala moito dos corvos:

*Unha dona, non digo eu cual,
non agoirou ogano mal,
pol-as oitavas de Natal
la por sua misa oir,
e ouv'un corvo carnazal
en non quis da casa sair...* (3).

*Don Pero Nuñez era en tornado
e lase a Santiago albergar,
e o agoiro sol el ben cater
ca muitas veces l'ouv'afazado;
e indo da cas ò celeiro
ouv'un corvo voraz e faceiro,
de que Don Pero non foi ren pagado...* (1)

FONTES E CERVOS

Na paisaxe ren-garda valor erótico que a i-auga. As fontes, os ríos, os lagos, o mar... tópanse sempre nas cántigas d'amigo. O sou-telo somella sere escolleito, mais aínda que pol-o frescor da súa serna e pol-a súa vizosa e frondende verdura, pol-o proximidade, sonora e húmida, das augas. Non é do caso falar das moitas cuestións de folk-lore e de psicofisioloxía que suscita o tema pero si lembrar somentes, pois de todos é coñecida a persistenza d'iste valor nas creencias e na literatura popular galega.

Adico este capítulo ás referenzas do Cancioeiro ás fontes e ós corvos pol-a imposibilidade de desglosar istes dous elementos d'unha belida serie de cántigas de Pero Meogo en que aparecen esencialmente, e c'unha insistencia de xeito temático, constantemente aparelados. Cicais esta serie teña o seu orixe no: «Sicut cervus desideret ad fontes aquarum, ita desiderat anima mea ad te, Deus», de tan fondo ronsel na iconografía e na literatura do medioevo; cicais poda sere interpretada de outra maneira. A forman nove cántigas (789 a 797) con unidade de asunto e que como as da serie de Codax e Zarro somellan mal ordeadas no Códice vaticano. Espoño o seu argumento ordeándoas según o meu criterio:

790

A dona conta, en tres estrofas, como o seu amigo lle enviou aviso de que non viña a vela e lle demanda vaia á fonte:

*Dor mul fermosa que sanhuda estou
a meu amigo que me demandou
que o fos eu ver
a la font lu, los cervos van beber...*

(1.ª estrofa e engádego)

789

Fala a dona ca súa nai e dílle que pol-o

(1) Fernand Enaulo, c. 902.
(2) Nuno Fernandes Tornerol, c. 242.
(3) Xohan Airas, c. 1677.

(1) Xohan Airas, c. 1676.

medo que lle lén non quer ir á cita do amigo.
Catro estrofas, a primeira:

*O meu amig, a que preito fallei
co voso medo mentirlle ei
e se non for asañas'a*

795

A dona argalla como recurso o de ire ca nai
á fonte. Tres estrofas:

*Perguntarvos quer eu, madre,
que me digades verdade:
se ousará meu amigo
ante vos falar connigo?*

(1.ª e engádega)

793

Erguese a moza e vai á fonte. Pasa o seu
amigo. Tén seis estrofas:

*Levous'a belida
vai lavar cabelos
na fontana fría
leda dos amores
dos amores leda...*

(1.ª e engádega)

*Pasa seu amigo
que lli ben quería
o cervo do monte
a auga volvía;
leda dos amores,
dos amores leda!*

(4.ª e engádega)

792

Pergunta a belida ás cervas pol-o seu amigo.
Personalización e demanda moi usada, como
xa vimos, no Cancioeiro. Duas estrofas:

*Ai cervas do monte, vinvos preguntar,
fois o meu amig'e se alá tardar
que farei, velidas?(1.ª)*

794

Fala a dona co amigo. Cántiga de sabor po-
pular, no senso galego da verbe sabor, e unha
das mais fer.nosas da nosa poesía. Poño suas
dito estrofas:

*E as verdes ervas
vi andal-as cervas;
meu amigo!*

*E os verdes prados
vi os cervos bravos;
meu amigo!
E con sabor d'elas
lavei ñas garceras;
meu amigo!
E con sabor d'elos
lavei meus cabelos;
meu amigo!
Desque los lavei
d'ouro los liei;
meu amigo!
Desque las lavara
d'ouro las liara;
meu amigo!
D'ouro los liei
e vos asperel;
meu amigo!
D'ouro las liara
e vos asperarara;
meu amigo!*

797

A nai pregunta á filla porqué tardou tanto na
fonte. A filla disculpase con que os cervos vol-
vían á auga pero a nai non a cree. Son seis es-
trofes d'iste xeito lixeiro:

*- Digades, filla, miña filla velida,
porqué tardastes na fontana fría?
- Os amores ei!
- Digades, filla, miña filla louzana,
porqué tardastes na fría fontana?
- Os amores ei?(1.ª e 2.ª)*

Na revista NOS sairá unha nota miña sobre
do «volver a l-auga».

796

Pero a nosa rompeu na fonte o brial... O no-
morado torna a vela. A nai dá á filla consellos
de nai aproveitada. Tópase n'esta cántiga de
catro estrofas, o simbolismo do cervo, repre-
sentando eralomentes o amado e da fonte re-
presentando a dona ou o amor. Di a nai:

*Fostes, filla, en o bailar,
e rompestes hi o brial;
pois o namorado hi ven,
esta fonte seguídea ben,
pois o namorado hi ven.
Fostes, filla, en o reir,
e rompestes hi o vestir;*



SOBRE AS CANTIGAS DE MARTÍN CODAX

POR XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE.

J. J. Nunes fai no derradeiro volm. (XXIX) da «Revista Lusitana» un novo estudo das «Cántigas de Martín Codax, presumido jogar do século XIII».

O tema, capitalísimo na hestoria da nosa lírica, e o prestixio do autor, considerado como o máis xenuino continuador portugués da obra de C. Michaelis, prestan un dobre interés a estas páxinas que veñen a fixar casi definitivamente, o texto crítico das máis famosas «cántigas d'amigo».

O traballo escomenza c'unha breve nota bibliográfica sobre as publicacións de Vindel, C. Michaelis e Oviedo Arce en col das que foron malamente chamadas «Canciones de la enamorada». Lástima grande que o reducido da introdución e o afán de síntesis do A. impedira insertar eiquí unha pequena crítica das tres obras anotadas.

O máis saínte da introducción, e o que merecería un comentario mais detido pol-nosa parte, refírese á estrutura das cántigas a estudar. Un breve análisis métrico e unha alusión á parte musical, comentada no seu día por Tafall, levan a unha longa e preciosa referencia ás cántigas paralelísticas, xenero que está despertando o meirande interés entre todol-os estudiosos dos nosos cancioeiros, e que merecerían un detido traballo comparativo sobre material folk-lórico.

Nunes expon a coñecida tese do orixe popular de estas cántigas, e as ouxecións que lles percuran unha pretendida fonte literaria, quizáis eclesiástica. A súa fbnda coñecencia de este xénero, tan abondoso

entre as «cántigas d'amigo», permítelle exercer sobre unha cántiga popular recollida por Leite de Vasconcellos en Bragança o experimento de adaptala estrictamente ó «leixa-pren» trovadoresco. I-e curioso anotar eiquí con canta mais facilidade poidera ser levada esta investigación no noso acervo popular onde tantas e tan garridas mostras de paralelismo topamos a cada intre.

É este un dos puntos máis suxestivos dos nosos estudos literarios. Os folk-loristas non sempre souperon decatarse de que as moitas cántigas de este xeito merecerían unha depuración especial e detida. C. Michaelis publica nos seus comentarios ó C. A. un exemplo galego moito mais craro que o de Leite de Vasconcellos, o do baile do «maneo»:

«Como se manean as troitas no río...»

Hoxe poidéramos engadir unha abada mais de exemplos soio con follear o compretísimo cancioeiro da ría de Arousa que con garimosa anotación acaba de publicar Bouza Brey no III tomo dos «Arquivos do Seminario». Así as cántigas que recolle cos números 164, 165 e 234 poden ser cotexadas cas máis escorreitas cántigas paralelísticas dos Cancioeiros, sendo de notar que o tema coincide ca que antes citábamos, comentada por C. Michaleis, e procedente de unha bailada popular. Trátase de unha cántiga popularizadísima en total-as rías galegas:

*«Pol-o río abaixo vai
unha troita de pé
pol-o río abaixo vai*

*quen a poidera coller
 quen a poidera coller
 quen a poidera pillar
 pol-o río abaixo vai
 unha troita a nadar».*

Unha simple modificación na disposición tipográfica das copras amosra de cheo o paralelismo ideolóxico e métrico dos versos. Outro exemplo, e poderíamos multiplicalos sempre dentro da mesma colleita, nol-o dan as cántigas 56, 154 e 155, onde existe un paralelismo ideolóxico mais vivo. Pra facelo notar abonda xuntar as tres cántigas como formando parte de unha mesma composición. Trátase do coñecidísimo:

*«Eu enguedellar, enguedellar enguedellei-
 [me...»*

E o mesmo xeito poderían fornecernos, c'un pequeno cotexo de variantes copras tan sabidas de todos, como o

«Ai Maruxiña, non vaias á herba...»

ou as que se anotan cos números 141, 142 e 211, no traballo que citamos, pero abonda o dito pra indicar o que n'este aspecto poda escrarexar unha boa colleita en Galicia, e mais aínda se pode engadirselle un estudo musical como o que veñen intentando en repetidas xeiras pol-a nosa terra Torner e Bal.

Voltando ó estudo de Nunes, do que nos arredou esta digresión, continúa espondendo o pouco que da vida do xograr pode suporse e o contido poético das suas trovas. Refórzase a tese da sua presenza na corte portuguesa de Alfonso III e síguese, con demasiado apego cicáis, a teoría de Oviedo Arce sobre o senso lírico das cántigas.

Pero a parte fundamental do traballo consiste na recolleita das transcripcions paleográficas do C. V., do C. B. e do pergameo

de Vindel. A segunda é moi importante pol-a sua novidade, sendo como é feita sobre o mesmo códice. En troques a derradeira, feita sobre unha copia manuscrita da edición fotográfica, apura menos o escrúpulo paleográfico. Do confronto das tres logra, o A. unha versión crítica que regulará den de agora toda edición de estas cántigas, e que vai avalada por un breve comento filolóxico e por unha lixeira anotación de variantes.

Nada pode oporse a este traballo cheo de fidelidade. Anotaremos, na pax. 28, unha acertada interpretación das verbas «*mar saído*» e «*mar levado*» con relación á marea. Pudo non embargantes arriscarse a hipótesis de que a primeira locución indique a mar baixa e a segunda a pleamar. En col do «*por que eu suspiro*» do Códice Vindel, cicáis fora cousa de pensar en interpretar como «*quen*» a \bar{q} do C. V. e do C. B. E por último conviría que Nunes, tan sabido en ortografía medieval, ampriase as notas que fai ás substitucións de *lh* por *ll* e de *nh* por *nn* no pergameo Vindel. Este feito en relación co uso de *senneiro* en ves de *senlleiro*, e de *gardas* por *guardas*, pode ser fertilísimo nas máns do profesor lisboeta pra fixar n'un novo traballo algunha indicación sobre a data e a procedencia do códice. Estes mesmos datos compre que sexan lembrados sempre pol-os nosos escritores que ó citar anacos das cántigas, ou o facer novas edicións de elas, deben aterse a estas variantes que se acaroan á grafía galega.

Non remataremos estas verbas sen desexar que J. J. Nunes veña leer algunhas leccións de literatura medieval portuguesa na nosa Universidade no próximo curso. Será o mellor homeaxe de agradecimento que podemos rendirlle despois do moito que leva traballado nos eidos da nosa cultura.

Romantismo, Saudade, Sentimento da Raza e da Terra en Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Pondal

ACABA DE APARECER ISTE NOVO LIBRO DE RAMÓN OTERO PEDRAYO

Artigos de Filgueira Valverde na revista *Nós* sobre os Cancioneiros e as Cantigas:

«A paisaxe no Cancioneiro da Vaticana», *Nós: boletín mensual da cultura galega :
órgao da Sociedade Galega de Publicacións Nós*, n.º 37 (15 xaneiro 1927), p. 4-8

«Sobre as cantigas de Martín Códax)», *Nós: boletín mensual da cultura galega :
da Sociedade Galega de Publicacións Nós*, n.º 92 (15 agosto 1931), p. 134-135